

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****LALÍN****Ordenanzas e Regulamentos****APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS
PARA O EXERCICIO 2016**

Aprobado con carácter definitivo por acordo do Pleno da Corporación do Concello de Lalín, en sesión celebrada o 21 de decembro de 2015, o expediente de modificación de Ordenanzas para o exercicio 2016, procédese á publicación do texto íntegro ou modificado das ordenanzas, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Así mesmo, na citada sesión do Pleno da Corporación aprobouse con carácter definitivo a modificación do Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais, polo que se procede á publicación do texto dos artigos modificados, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local.

* Os artigos non contemplados nesta nova redacción, conservarán a súa actual redacción.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**ARTIGO 2º.—Tipo Impositivo**

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- a) O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,46 %.
- b) O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,3 %.
- c) O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de características especiais fíxase no 1,3 %.



Disposición final

1.—A presente modificación desta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2016 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVICIOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS

A N E X O*Primeiro. Tarifa*

A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

A).—Usos domésticos:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo, mínimo tarifado, ó mes 0,364 Euros/m³
- 2º bloque, de 10 a 20 m³ , ó mes 0,498 Euros/m³
- 3º bloque, de 20 m³ en adiante, ó mes 0,593 Euros/m³

B).—Usos non domésticos:

- de 0 a 15 m³ , mínimo tarifado, ó mes 0,364 Euros/m³
- de 15 a 100 m³ , ó mes 0,632 Euros/m³
- de 100 m³ en adiante, ó mes 0,821 Euros/m³

C).—Por cada alta no servizo. 89,08 Euros

D).—As acometidas realizadas sen licencia municipal sancionaranse cunha multa de 137,26 €, sen prexuízo das demais medidas que se tomen.



E).—Para abonados sen contador ou con contador avariado:

- Para usos domésticos, ó mes 18,14 €uros ó mes.
- Para usos non domésticos, ó mes 72,65 €uros ó mes.

Estas facturacións a tanto alzado efectuaranse cando o abonado non tivera anteriormente instalados contador de auga; no caso contrario, aplicarase a media dos dous últimos trimestres de lectura do contador.

Segundo. Entrada en vigor

A presente modificación desta Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE ALCANTARILLADO

A N E X O

Primeiro. Tarifas

A estrutura e contía da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros ven determinada por dous conceptos distintos, por unha banda unha cota fixa, en función do destino do inmovible, e por outra, unha cota variable en función dos metros cúbicos de auga consumida, resultando así a estrutura seguinte:

A).—En función do destino do inmovible:

- Por vivenda 7,28 € ó trimestre
- Por establecementos comerciais dedicados a cafés, bares, fondas, hoteis e semellantes:
 - Ata 50 m215,91 € ó trimestre.
 - Entre 50 e 100 m231,78 € ó trimestre.
 - Más de 100 m2 45,40 € ó trimestre.
- Demais establecementos comerciais e industriais:
 - Ata 100 m27,28 € ó trimestre.



- De máis de 100 m² 11,35 € ó trimestre.
- Baixos sen actividade comercial 7,28 € ó trimestre.
- Talleres de lavado e engraxe 22,71 € ó trimestre.

B).—En función dos metros cúbicos de auga consumidos:

- Por metro cúbico de auga para usos domésticos 0,176 € / m³
 - Por metro cúbico de auga para usos non domésticos 0,271 € / m³
- C).—Por alta no servizo 89,08 €

D).—Abonados sen contador ou con contador avariado:

- Baixos sen actividade comercial 8,90 € ó trimestre.
- Usos domésticos 13,36 € ó trimestre.
- Usos non domésticos 17,81 € ó trimestre.

E).—Abonados con consumos en abastecemento de precedencia total ou parcial distinta á rede municipal:

Aquelas actividades económicas ou industriais que no seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusiva ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para a medida do caudal vertido á rede, dos que a súa medición servirá de base para a facturación do servizo por depuración de augas residuais. De mutuo acordo entre empresa e Servizo municipal de Augas, poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

A) En función do inmovible:

- Hasta 100 m² 7,28 Euros/trimestre
- Más de 100 m² 11,35 Euros/trimestre



B) En función dos m3 de auga vertidos:

— Por cada m3 de auga vertido (medido ou aforado) 0,271 €uros/m3

Segundo. Entrada en vigor

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 13
ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigo 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do citado Real Decreto Lexislativo, o Concello de Lalín acorda a imposición e ordenación da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

Todo o relativo ás solicitudes para a instalación das mesas e cadeiras, autorizacións, normas de xestión e demais aspectos sustantivos materiais que non aparecen regulados nesta Ordenanza fiscal rexiranse pola Ordenanza xeral reguladora da ocupación do dominio público municipal mediante mesas, cadeiras e outros elementos auxiliares.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal que se deriva da realización de ocupacións de terreos de uso público local con mesas e cadeiras e outros elementos análogos.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible desta taxa.

